



## Sesión formativa "Atención e movementos oculares"

<b>RELATOR</b>	Manuel José Blanco Rial.
<b>ORGANIZA</b>	Grupo de Tráfico e da Seguridade do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
<b>COORDINA</b>	Eva Muíño Gómez (G-1281)
<b>DURACIÓN</b>	2 horas.
<b>DATA E HORARIO</b>	Sábado, 26 de setembro de 2020. De 10:00 a 12:00 horas.
<b>MODALIDADE</b>	Online. Plataforma Moodle e ZOOM.
<b>PRAZAS</b>	50.
<b>PREZOS</b>	<p>Membros do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG ..... Gratuíta</p> <p>Psicólogos/as colexiados/as ..... 15 €</p> <p>Psicólogos/as colexiados/as desempregados/as ..... 7,50 €</p> <p>*Neste curso podes optar ás prazas gratuítas para colexiadas e colexiados desempregados. Bases no seguinte enlace: <a href="https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_formacion_para_colexiados_e_colexiadas.pdf">https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_formacion_para_colexiados_e_colexiadas.pdf</a></p>

### OBXECTIVO

O obxectivo desta sesión formativa é explicar os fundamentos da técnica do eye-tracking (o seguimento ocular) e a súa aplicación no ámbito da psicoloxía, con especial referencia á conducción de vehículos e o exame psicotécnico.

Estudaranse cales son as características xerais das probas baseadas no eye-tracking que actualmente parecen máis idóneas para a avaliación da atención humana: a tarefa antisacada. Non se tratarán teorías nin os aspectos históricos do problema.



## Sesión formativa "Atención e movementos oculares"

### INSCRIPCIÓN

A través do correo electrónico do COPG ([copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal)) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de ABANCA. Respetarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

A sesión formativa terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia as psicólogas e psicólogos colexiados membros do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

**Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarase por e-mail a admisión ou non admisión.**

Ao finalizar a sesión formativa entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% das sesións.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a tarxeta de demandante de emprego.

**Último día de inscrición: 16 de setembro de 2020.**

### RELATOR

#### MANUEL JOSÉ BLANCO RIAL

Profesor de psicoloxía experimental na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Especialista no deseño de probas psicofísicas para a avaliación da percepción e atención visual.



## Sesión formativa "Atención e movementos oculares"

### PROGRAMA

1. Concepto de atención.
  2. Deseño dunha proba psicofísica: características xerais.
  3. Modos de atención.
  4. Tecnoloxía eye - tracking.
  5. Tipos de movementos oculares.
  6. Xeración de sacadas.
  7. Percepción de esceas.
  8. Atención visual encuberta.
  9. A tarefa prosacada-antisacada.
- Ao finalizar a formación celebrarase a reunión do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG de 12:15 a 13:15 horas, para o que será necesario realizar unha nova conexión utilizando as claves enviadas xunto coa convocatoria da reunión aos membros do Grupo de Tráfico e Seguridade o pasado 7 de setembro.